

A CALUMNIA

[The Children's Hour, William Wyler
1961, EE UU, 107 min., VOSE]

Lingua **Inglés**

Dirección **William Wyler**

Guión **John Michael Hayes, Lillian Hellman (sobre a obra de Hellman)**

Montaxe **Robert Swink**

Fotografía **Franz Planer**

Son **Don Hall, Fred Lau**

Música **Alex North**

Elenco **Audrey Hepburn, Shirley McLaine, James Garner, Miriam Hopkins,**

Fay Bainter, Karen Balkin, Veronica Cartwright

Produtora **Mlrish/World Wide Productions**

Distribución **Classic Films**

Karen (Audrey Hepburn) e Martha (Shirley MacLaine) son dúas boas amigas que dirixen xuntas unha exclusiva escola para rapazas. Unha das súas alumnas, unha nena mimada e consentida pola súa avoa millonaria, escoita por casualidade un comentario sobre as súas mestras e, depechada por un castigo que recibiu, utilízao, distorsionándoo, para atacalas. Os escandalosos rumores esténdense axiña pola comunidade escolar, con repercusións inmediatas e devastadoras.

Adaptación da obra teatral homónima de Lillian Hellman, que xa fora levada á pantalla por Wyler en 1936 cunha trama deturpada por mor do código Hays. Vinte e cinco anos despois, cun elenco de luxo, Wyler faille xustiza á obra teatral e crea un filme que pasará á historia do cinemalésbico norteamericano.

DECEMBRO

Martes 3 ás 20:30 h

A HORA DA ESTRELA

(Suzana Amaral, 1985, Brasil, 96 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



A CALUMNIA

WILLIAM WYLER

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #223

26.11.2024

O lesbianismo como un drama, mais non porque o sexa, senón porque a xente “decente” —reprimida e hipócrita, en realidade— o converte niso. A saída do armario máis impresionante que vin no cine e unhas Shirley MacLean e Audrey Hepburn marabillosas na súa complicidade. A traxedia e a dor cristalizan pola intolerancia e o pánico ao que se afasta do normativo, como sempre sucedeu coas persoas LGTBQ+. Non se facían moitos filmes “de lesbianas” daquela, mais non lembro ningún en que sexan mulleres con capacidade para seren felices ás que só llelo impida a velenosa moral allea.

IRANTZU VARELA, sobre *A calumnia*

A CALUMNIA WILLIAM WYLER

A obra chegou ao Maxine Elliott Theatre de Broadway o 20 de novembro de 1934 baixo a dirección de Herman Schumlin e con Katherine Emery, Anne Revere e Robert Keith nos roles de Karen Wright, Martha Dobie e Joseph Cardin, respectivamente. A complexidade psicolóxica destes personaxes e a aposta por un tema tan inédito como a homosexualidade feminina foron as cartas de presentación da ópera prima de Lillian Hellman. Así mesmo, supoñía unha crítica ao puritanismo social, que cativou o público e a crítica, e contou con seiscentas noventa e unha representacións en Broadway, que se estenderon até xullo de 1936. Con tales ingredientes, o produtor Samuel Goldwyn mercou os dereitos para o cinema cunhas condicións bastante particulares que se repetirían en moitas adaptacións do Hollywood clásico: levar á gran pantalla éxitos de Broadway mais sen os seus contidos sexuais. Así, «obrigado pola oficina Hays, Goldwyn non podía utilizar o título orixinal nin publicitalo co filme, nin tampouco dicir publicamente que mercara a obra. E, ademais, sabía que non lle aceptarían nunca o lesbianismo, directo ou suxerido, das dúas protagonistas» (Comas, 2004, p. 82).

William Wyler foi o encargado de dirixir a adaptación cinematográfica que levou por título *Eses tres* (*These Three*, 1936), e para iso Hellman adaptou a súa propia obra —que estaba inspirada nun feito real ocorrido en Escocia en 1810—, para ambientala na Nova Inglaterra dos anos trinta (Comas, 2004). Como non podía evitar o Código —que acababa de instaurarse e tiña moita forza—, Wyler accedeu ao consello da autora de filmar a verdadeira esencia da obra: o dano que pode provocar unha calumnia. O filme non puido ser fiel ao orixinal e os seus protagonistas, encarnados por Merle Oberon, Miriam Hopkins e Joel McCrea, víronse atrapados nun triángulo amoroso heterosexual no que a figura central xa non era Karen, senón Joe. Ademais, o tráxico desenlace foi substituído por un *happy end* que condenaba a Martha á soidade e favorecía a unión entre Karen e Joe; sen

dúbida, un castigo á homosexualidade. Non obstante, mantivéronse aspectos orixinais, como a crítica a unha sociedade provinciana e destrutiva, e a devastación que provoca a calumnia nos personaxes. A estrea tivo lugar o 18 de marzo de 1936 en Nova York, cando as representacións continuaban en Broadway.

A nova situación da industria cinematográfica nos sesenta permitiu que este drama se puidese levar ao cine tal e como foi concibido por Lillian Hellman. Así, Wyler decidiu facer un *remake* de *Eses tres* en 1961, «convencido de que daquela se sentira demasiado coaccionado por Samuel Goldwyn e desexaba facer o filme de novo, tal e como lle gustaría á autora» (Comas, 2004, p. 248). Debido á crise do Código, varios filmes trataran xa a homosexualidade recentemente de maneira suxerida para que os espectadores entenderan o que acontecía, sen velo. Non obstante, *A calumnia* mostraría sen reservas o lesbianismo orixinal e sería o primeiro filme en enfrontarse a este tema abertamente. Hellman elaborou o guión desta nova versión a canda o guionista John Michael Hayes, e puido expoñer claramente os elementos sexuais do drama, como o desexo de Martha cara a Karen, a declaración da propia orientación —no caso de Martha— e a confusión ante esta —no de Karen—, ademais do tráxico final (Balmori, 2009), a hipocrisía e a intolerancia, no marco dun elitista internado feminino.

A adaptación, que estivo baixo o selo de United Artists e recuperou o título orixinal, reuniu a Audrey Hepburn, Shirley McLaine e James Garner nos papeis de Karen, Martha e Joe. Tratábase da primeira vez que dúas estrelas de Hollywood interpretaban a dúas lesbianas, aínda que, como ocorría na obra, a palabra ‘lesbianismo’ non se menciona no filme. En canto á dirección destas actrices, que ata entón protagonizaran máis comedias que dramas, destacou o matiz psicolóxico das súas interpretacións. Para iso, Wyler contrapuxo «a dozura de Audrey e a fragilidade de Shirley co ton dramático das situacións. Vai tranquilizando o espectador con esta suavidade e desconcértao con golpes dramáticos inesperados (Comas, 2004, p. 251), unha táctica narrativa que se intensifica no final. Co obxectivo de optar aos Oscar, o filme estreouse en Estados Unidos de forma restrinxida o 19 de decembro de 1961, e abertamente o 15 de marzo de 1962. Aínda que resultou fiel ao orixinal, a crítica e a recadación foron desiguais, pois agardábase que fose aínda máis explícita no tema da homosexualidade. Non obstante, recibiu cinco nominacións a estes premios, un claro indicador da superación das restricións do Código sobre este tema.